

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 13 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elaboración do ditame, á vista do Informe da ponencia, do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930 (10/PL-000013))

Publicación do Informe da Ponencia, BOPG n.º 483, fas. 2, do 5.06.2019

Punto 2. Preguntas

2.1 45072 (10/POC-007223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da atención á dependencia, as previsións respecto da adopción de medidas nesta materia e os prazos de agarda das solicitudes

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019

2.2 48493 (10/POC-007698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo, a súa opinión referida á sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría e as medidas previstas para diminuír a conflitividade laboral no centro

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

2.3 48971 (10/POC-007758)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á presentación no Parlamento de Galicia do Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023, a súa articulación, xestión e inspección, así como o impulso dunha política integral na materia, e as razóns da demora na implementación da Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019



- 2.4 50461 (10/POC-007941)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis
Sobre o seguimento e resultados da posta en marcha do Plan de prevención do suicidio en Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 482, do 04.06.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Marta María
Rodríguez-
Vispo
Rodríguez

Firmado digitalmente por Marta
María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Marta María Rodríguez-Vispo
Rodríguez,
email=marta.rodriguez.vispo.rodr
iguez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.06.05 18:11:38
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/06/2019 18:11:38



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame, ç vista do Informe da Ponencia, do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 47930(10/PL-000013)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia

Publicación do Informe da Ponencia, 482, 05.06.2019

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 45072(10/POC-007223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, Maròa Montserrat e 5 mçis

Sobre a valoraci÷n por parte do Goberno galego da atenci÷n ç dependencia, as previsi÷ns respecto da adopci÷n de medidas nesta materia e os prazos de agarda das solicitudes

Publicación da iniciativa, 428, 07.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 17:33:47
Nº Rexistro: 45072
Data envío: 31/01/2019 17:33:47.139

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar en materia de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñecíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.

CSM - REXISTRO - d506a842-9
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 17:33:47
Nº Rexistro: 45072
Data envío: 31/01/2019 17:33:47.139

Galiza ten unha poboación moi envellecida, unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos, segundo o IGE o número de dependentes medrou un 25% en 6 anos, superando xa ás 118.000 persoas. Pese a este dato, a porcentaxe de solicitudes da axudas vinculadas á Lei de Dependencia está por debaixo da media. É dicir, temos unha porcentaxe moi baixa de persoas beneficiarias, un 2,07 fronte o 2,61 do Estado.

Miles de persoas dependentes non teñen ningún tipo de axuda da Xunta. 10.000 dependentes con dereito a prestación non a están a cobrar, o 50% das persoas dependentes que precisan axuda a domicilio non a reciben e 12.000 persoas seguen a espera para obter unha praza nun centro de día, 30.000 persoas dependentes que precisan axuda á domicilio, 14.000 transporte adaptado

O Partido Popular estalle a ofrecer aos galegos e galegas unha lei da dependencia de segunda cun investimento por persoa dependente de 5.779 euros en Galiza cando no Estado a media é de 6.664, é dicir, 885 euros menos”. As prestacións ofrecidas @s usuari@s galeg@s centráronse en servizos de baixo custo tales como axuda a domicilio ou teleasistencia mentres que en servizos de maior custo como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior.

O Estado español destinou á dependencia en Galiza 84 millóns de euros, cifra moi alonxada dos 186 millóns que lle debe a Galiza e moi lonxe tamén da cifra de 140 millóns de euros que recada vía impostos, - SS, IRPF, IVE-, do sistema de dependencia no noso país, segundo recollen os datos da Asociación de directoras e xerentes de servizos sociais.

CSV REXISTRO de Código S42-9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 17:33:47
Nº Rexistro: 45072
Data envío: 31/01/2019 17:33:47.139

É preciso que o Goberno galego converta a atención á dependencia nunha prioridade política, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o pago dos máis de 186 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade?

- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia?

- Coida que o Goberno galego lle está a ofertar @s galeg@ unha atención á dependencia de calidade, e acorde ás súas necesidades?

- Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente desfruta do recurso a persoa demandante?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 17:33:47
Nº Rexistro: 45072
Data envío: 31/01/2019 17:33:47.139

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2019 17:33:09

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2019 17:33:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2019 17:33:16

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2019 17:33:17

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2019 17:33:20

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2019 17:33:21

CSX: REXISTRO-dsCodeS42-9
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 48493(10/POC-007698)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo, a súa opinión referida á sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría e as medidas previstas para diminuír a conflitividade laboral no centro

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Rexistro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 por cento dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 por cento dese ano ao 16,4 por cento do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Complexo Residencial de Persoas Dependentes (CRAPD), situado en Vigo, está formado por centros de xestión propia da Xunta de Galicia que contan con 454 prazas para persoas dependentes. Dende o Grupo Parlamentario Socialista tivemos coñecemento de que ademais dos problemas de sobrecarga de traballo do persoal que traballa neste centro (unha problemática xeneralizada en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social), e a non cobertura das baixas e vacacións do persoal, da existencia dunha elevada conflictividade laboral, e falla de diálogo entre a representación legal das traballadoras e traballadores coa dirección. De feito, recentemente abriuse expediente disciplinario e proposta de sanción disciplinaria a catro auxiliares de enfermaría traballadoras deste centro, segundo a dirección polo non acompañamento dun residente dende o terceiro andar ao primeiro. Por ditos feitos motivados, tal e como denunciou o propio comité de empresa, pola comunicación ás traballadoras de ordes contraditorias dende diferentes departamentos, se lles impón unha sanción de

CSX-eQaV/15ng8
Ver código QR
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Rexistro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

suspensión de emprego e soldo durante dez días, e a expulsión das listas de contratación por ese período.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación laboral do Complexo Residencial de Persoas Dependentes de Vigo (CRAPD)?
2. Considera o Goberno galego que a sanción imposta recentemente a catro auxiliares de enfermaría deste centro, por supostamente non baixar a un residente a outro andar, é proporcionada?
3. Ten previsto tomar medidas para reducir a conflictividade laboral no CRAPD Vigo?
4. En caso afirmativo, que medidas vai poñer en marcha?
5. No CRAPD de Vigo, estanse a cubrir o 100 por cento dos días de permiso, vacacións, e IT do persoal?
6. Considera a Xunta de Galicia que o persoal do centro sofre sobrecarga de traballo?
7. Ten previsto o Goberno galego, durante a X lexislatura, incrementar os gastos de funcionamento e de persoal das residencias públicas de maiores da nosa comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019


Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/04/2019 11:17:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 11:17:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



CSX: sCSXV15mg8





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 11:19:22
Nº Registro: 48493
Data envío: 02/04/2019 11:19:22.540

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2019 11:17:16

CSV: c3aV15mg8
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 48971(10/POC-007758)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á presentación no Parlamento de Galicia do Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023, a súa articulación, xestión e inspección, así como o impulso dunha política integral na materia, e as razóns da demora na implementación da Estratexia Nacional Integral para as Persoas Sen Fogar 2015-2020

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:26:35
Nº Rexistro: 48971
Data envío: 10/04/2019 12:26:35.138



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luis Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

No Consello da Xunta do 4 de abril de 2019, o Goberno anunciaba o futuro Plan de Atención a persoas sen fogar 2019-2023, indicando que “durante as vindeiras semanas será consensuado coas entidades sociais e os concellos en varias xuntanzas técnicas”.

Unha das medidas é, segundo a Xunta, “cuadruplicar o número de prazas en centros de inclusión, que pasará das 18 actuais a un mínimo de 80 no ano 2023”.

Outra proposta é na área de vivenda: “o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023 prevé poñer á disposición 100 vivendas para o aloxamento das persoas sen fogar, que sirvan como punto de partida para o seu acompañamento social”, sinalando a Xunta que se encadra na metodoloxía Housing First. Sinala a Xunta nos medios de comunicación que as vivendas seleccionadas para tal fin son das que a Xunta dispón a través da Consellería de Medio Ambiente.

Tamén se propón “elaborar un estudo sobre a situación específica das mulleres sen fogar e poñer en marcha un proxecto de acompañamento social dirixido a elas”.

Nos últimos tempos, as organizacións sociais detectan un aumento das mulleres sen fogar, estando estas nunha situación moito máis vulnerable que os homes. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de coñecidos, o que fai máis "complexo" abordar a súa problemática.

CSM-REXISTRO01mwx17owc7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Calcúlase que un 80,5% das persoas sen fogar son homes e o 19,5% son mulleres.

Segundo a psiquiatra Lucía del Río, que presentou estes datos na Iª Xornada sobre persoas sen fogar da comarca de Compostela, organizada polo Concello:

- As mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes (máis depresión, ansiedade, somatizacións, trastornos alimentarios...), e son máis graves; sen embargo, sofren menos adiccións. Ademais:

- Maternidade non desexada, abortos.

- Agresións sexuais, trauma.

Ademais, teñen menos estudos que os homes.

Segundo os datos amosados, o 40% das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o 24% foron vítimas de agresións sexuais.

En decembro de 2015, o goberno en funcións do Estado, para dar cumprimento a Resolucións do Parlamento Europeo sobre persoas sen fogar e vivenda (16/12/2010; 6/9/2011; 11/6/2013), aprobou a *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar 2015-2020*, medida sen memoria económica pero que recolle achegas e experiencias de importantes profesionais que poden orientar as primeiras medidas neste ámbito e que pretende ser un marco integral das políticas de atención ao colectivo de persoas sen fogar en todo o Estado, co obxectivo de erradicar o senfogarismo.

As políticas públicas da Xunta de Galicia –organismo no que recaen as competencias en materia de asistencia social – deben atender ás persoas sen fogar e transeúntes en colaboración cos municipios, pois trátase de persoas que non se radican nun único concellos. Estas políticas deben ir encamiñadas a eliminar as causas da exclusión social e a promover políticas activas de inclusión para as





persoas sen fogar, centradas na persoa e rexeitando medidas paternalistas, así como aplicar medidas de urxencia para garantir o dereito á vivenda.

No debate, o 29 de xuño de 2017, en Comisión 5ª dunha Proposición non de lei de En Marea pedindo unha Estratexia Galega de Atención a Persoas sen Fogar, o PP alegou, para votar en contra da mesma, que a Xunta estaba a traballar nun estudo sobre o senfogarismo en Galiza, que serviría de base para o deseño de futuras estratexias, e anunciou que este estudo se publicaría a finais de 2017.

A Xunta presentoulles ás entidades sociais as liñas estratéxicas do plan, que funcionará, segundo o Goberno, antes do verán, e que consta con persoal técnico social que axuda na reinserción e seguimento.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de EN Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cando se vai presentar o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023 no Parlamento de Galicia? Como se vai articular, xestionar e inspeccionar este Plan?
2. Cales van ser e cando as xuntanzas da Xunta con Concellos e entidades sociais?
3. Que titulación vai esixir a Xunta ao persoal técnico para a atención, seguimento e reinserción das persoas sen fogar? En que condicións laborais desempeñarán esas funcións?
4. Vai a Xunta impulsar unha política integral de atención ás persoas sen fogar?
5. Que vivendas (cantas e en que lugares) vai destinar a Xunta ao Plan de atención a persoas sen fogar 2019-2023?
6. Cal será o procedemento para acceder a estas vivendas? Serán os servizos sociais especializados ou os servizos sociais comunitarios os que tramitarán o acceso a estas vivendas?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:26:35
Nº Rexistro: 48971
Data envío: 10/04/2019 12:26:35.138



7. Vaise atender especificamente á vulnerabilidade das mulleres sen fogar ante a violencia machista?

8. Que opinión ten a Xunta de que o PP votara en contra das medidas que agora sinala o Goberno que vai aprobar?

9. A que se debe a intolerable tardanza por parte da Xunta na implementación da *Estrategia Nacional Integral para personas sin hogar*?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/04/2019 12:24:40

Luis Villares Naveira na data 10/04/2019 12:24:49

CSX4_RFXJSTFR0hmwX7ToxC7
Paula Vázquez Verao
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 50461(10/POC-007941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre o seguimento e resultados da posta en marcha do Plan de prevención do suicidio en Galicia

Publicación da iniciativa BOPG 482, do 04.06.2019

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

No 2017 a Consellería de Sanidade elaborou o Plan de Prevención do Suicidio, dando así cumprimento a unha necesidade manifestada na Revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2014 e na estratexia SERGAS 2020, e tamén ao compromiso adquirido en sede Parlamentaria o 21 de marzo d ese mesmo ano de ter elaborado o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia.

O Plan de prevención do suicidio de Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio, así como dos seus familiares.

Con este documento quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental, e tamén concienciar que o suicidio é un problema global que vai mais ala da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas en ámbitos tan importantes como o educativo e o social.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o seguimento e resultados desde a posta en marcha do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 13:44:49
Nº Registro: 50461
Data envío: 03/06/2019 13:44:49.756

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/06/2019 13:24:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/06/2019 13:28:14

María Ángeles García Míguez na data 03/06/2019 13:29:01

Marta Rodríguez Arias na data 03/06/2019 13:29:35

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/06/2019 13:30:39

María Soraya Salorio Porral na data 03/06/2019 13:31:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/06/2019 13:31:31

Raquel Arias Rodríguez na data 03/06/2019 13:32:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 03/06/2019 13:32:37



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com